

# REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

## **Acta número 18, de 21 de marzo de 2018**

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco Xosé; Díaz Rodríguez, M<sup>a</sup> Carmen; García Marín, Pablo; Garrido Filgueira, Uxía; López Rúa, Paula; Navarro Patón, Rubén; Otero Urtaza, Eugenio Manuel; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Veiga alonso, Xosé Ramón; Viña Rouco, M<sup>a</sup> Mar.

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; Fernández López, Isabel; Fernández Rio, Miguel Ángel; Iglesias Souto, Patricia; López Gómez, Santiago.

Día: 21 de marzo de 2018

Hora: 10:30 horas

Lugar: Salón de Graos

### **Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.
3. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.
4. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.
5. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.
6. Rogos e preguntas.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase por asentimento a acta número 17, correspondente á sesión celebrada o 18 de xullo de 2017.

## **2. Informe anual de seguimiento (2016-2017) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil.**

Á falta da concreción do Plan de Melloras do Título, a comisión aprobou provisionalmente o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

### 1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
  - Criterio 4. Recursos humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
  - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos) e a E24 (listaxe de TFG dos dous últimos cursos académicos).

### 4. Modificacións do plan de estudos

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2016-2017 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2017-2018:

AM-01. Programar e protocolizar reunións dos equipos de coordinación do Prácticum, garantir que o alumnado realiza as súas prácticas nos ciclos 0-3 e 3-6, buscar fórmulas que aseguren a asignación de docencia no Prácticum ao profesorado idóneo, mellorar a formación deste profesorado e establecer mecanismos de coordinación entre os equipos de coordinación do Prácticum de ambos centros.

AM-02. Aprobar o protocolo de organización do Prácticum que, unha vez contrastado, será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum.

AM-03. Establecer contacto cos titores externos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida. Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos.

AM-04. Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.

AM-05. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

AM-06. Consolidar e potenciar o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral.

Esta proposta está pendente de acordo coa Facultade de Ciencias da Educación e da posterior aprobación por parte da Comisión de Coordinación Intercentros.

### **3. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria.**

Á falta da concreción do Plan de Melloras do Título, a comisión aprobou provisionalmente o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

#### 1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
  - Criterio 4. Recursos humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
  - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión de Título e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos) e a E24 (listaxe de TFG dos dous últimos cursos académicos).

#### 4. Modificacións do plan de estudos

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2016-2017 e propóñense as seguintes accións de mellora para o curso 2017-2018:

AM-01. Aprobar o protocolo de organización do Prácticum que, unha vez contrastado, será recollido na guía ou plan xeral do Prácticum.

AM-02. Establecer contacto cos titores externos antes e despois da estadía do alumnado nos centros de prácticas. Establecer mecanismos de información aos titores externos en relación coa memoria de prácticas e a cualificación obtida. Mellorar a eficacia das reunións periódicas cos titores externos.

AM-03. Elaboración dun estudo exploratorio sobre as necesidades de titorización e orientación do alumnado do título.

AM-04. Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.

AM-05. Consolidar e potenciar o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, vía para a captación de estudantes excelentes e capacitación privilexiada do alumnado egresado de cara ao mercado laboral.

Esta proposta está pendente de acordo coa Facultade de Ciencias da Educación e da posterior aprobación por parte da Comisión de Coordinación Intercentros.

#### **4. Informe anual de seguimiento (2016-2017) do título de Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.**

Á falta da concreción das modificacións do plan de estudos e do Plan de Melloras do Título, a comisión aprobou provisionalmente o Informe de seguimento previamente debatido e elaborado pola comisión de título, de acordo co especificado na guía para o seguimento de títulos oficiais de grao e máster e seguindo o modelo facilitado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC. O Informe de seguimento consta dos apartados que a seguir se relacionan.

##### 1. Datos da universidade e do título

2. Cumprimento do proxecto establecido: inclúe a reflexión e os comentarios sobre a valoración que merece cada un dos criterios que se avalían.

- Dimensión 1. A xestión do título
  - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
  - Criterio 2. Información e transparencia
  - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos
  - Criterio 4. Recursos humanos
  - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados
  - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
  - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

3. Listaxe de evidencias e indicadores: algunhas xa figuran no autoinforme a propósito dos distintos criterios e outras achégaas a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Xúntanse ao autoinforme a E5 (actas das reunións celebradas durante os dous últimos cursos pola Comisión Académica e pola Comisión de Calidade), a E6 (listaxe dos alumnos que solicitaron recoñecementos), a E20 (listaxe de centros para a realización do Prácticum), o I11 (distribución do alumnado por centros de prácticas) e a E24 (listaxe de TFM dos dous últimos cursos académicos).

4. Modificacións do plan de estudos: pendente.

5. Plan de melloras do título: revísase o cumprimento das accións de mellora do título 2016-2017. Están pendentes de redacción as accións de mellora 2017-2018.

#### **5. Informe anual de seguimento (2016-2017) do título de Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.**

O documento dispoñible atópase aínda en fase de elaboración por parte da Comisión de Título. A reunión deste órgano prevista para o pasado 20 de marzo non puido celebrarse por problemas de conexión a través de videoconferencia entre os campus de Santiago e Lugo, estando pendente de nova convocatoria.

#### **6. Rogos e preguntas.**

O prof. Otero Urtaza, Coordinador do Máster DAEN, apunta que algunhas das accións de mellora do título que figuren no informe de seguimento tamén se poderán incorporar na Memoria de Calidade como accións de mellora do centro.


Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:30 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás

# REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

## **Acta número 19, de 24 de maio de 2018**

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco Xosé; Díaz Rodríguez, M<sup>a</sup> Carmen; Fernández López, Isabel; Fiuza Asorey, M<sup>a</sup> José; Garrido Filgueira, Uxía; Iglesias Souto, Patricia; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Otero Urtaza, Eugenio Manuel; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Aníbal; Viña Rouco, M<sup>a</sup> Mar.

Asisten a esta sesión extraordinaria da Comisión de Calidade Pilar Martínez García (Xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos) e M<sup>a</sup> Isabel Reyero Fernández (Técnica de Xestión de Calidade).

Xustificaron a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; Fernández Fernández, M<sup>a</sup> Pilar; García Marín, Pablo; Navarro Patón, Rubén; Poncet Souto, Marta; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Día: 24 de maio de 2018

Hora: 10:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

### **Orde do día:**

7. Adaptación do Sistema de Garantía de Calidade do centro ao novo sistema marco de calidade.

### **1. Adaptación do Sistema de Garantía de Calidade do centro ao novo sistema marco de calidade.**

A xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos comenta as características dos Sistemas de Garantía de Calidade, en particular os criterios e directrices para a aseguranza da calidade no EEES (10 criterios, equivalentes a 6 directrices), así como o proceso de evolución desde o Sistema de Garantía Interna de Calidade ao actual Sistema de Garantía de Calidade. En resumo, a anterior documentación constaba dun Manual extenso, un Manual simplificado e un Manual de procesos e procedementos (22 procesos e 26 procedementos), mentres que a actual documentación consta de:

- a) Nivel institucional: Manual institucional do SGC e Manual de procesos (8).
- b) Nivel de centro: Manual do SGC e Manual de procesos (13): 2 Procesos estratéxicos, 5 Procesos clave e 6 Procesos de apoio.

O obxectivo dos sistemas de garantía de calidade dos centros é asegurar que as actividades se realizan de forma independente, ordenada, sen improvisacións e conduce á consecución dos obxectivos previamente establecidos nas memorias verificadas das súas titulacións.

En consecuencia, os obxectivos desta reunión da Comisión de Calidade son:

- Elaborar o Manual do SGC da Facultade.
- Identificar particularidades no funcionamento da Facultade que se desvíen ou complementen a descrición dos procesos de centro.
- Establecer onde se poden atopar os rexistros e evidencias asociados ao SGC.
- Preparar a certificación do SGC.

Para o cumprimento destes obxectivos, analízase polo miúdo a seguinte documentación:

- 01) Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado
- 02) PE-01 Planificación estratéxica
- 03) PE-02 Revisión e mellora
- 04) PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación
- 05) PC-02 Planificación das ensinanzas
- 06) PC-03 Apoio a estudantes
- 07) PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas
- 08) PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas
- 09) PS-01 Xestión dos recursos humanos
- 10) PS-02 Xestión dos recursos materiais
- 11) PS-03 Xestión documental
- 12) PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades
- 13) PS-05 Xestión das incidencias (SQR)
- 14) PS-06 Información pública

Os seguintes pasos serán:

- 1) Aprobar a documentación en Xunta de Facultade
- 2) Aprobar a documentación na Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
- 3) Visita de certificación

A sesión interrompeuse ás 14:30 horas e continuou ás 16:00 horas, dándose por


rematada ás 18:00 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás



# REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE. FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

## **Acta número 20, de 26 de xuño de 2018**

No día da data e baixo a presidencia do Sr. Decano, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Calidade do Centro, segundo a correspondente orde do día e coa asistencia dos membros que a seguir se relacionan:

Brao Viña, Ana; Candia Durán, Francisco Xosé; Díaz Rodríguez, M<sup>a</sup> Carmen; Fernández Fernández, M<sup>a</sup> Pilar; Fernández López, Isabel; Fiuza Asorey, M<sup>a</sup> José; García Marín, Pablo; Garrido Filgueira, Uxía; Iglesias Souto, Patricia; López Gómez, Santiago; López Rúa, Paula; Otero Urtaza, Eugenio Manuel; Poncet Souto, Marta; Rodríguez Lestegás, Francisco; Rodríguez Neira, Modesto Anibal; Viña Rouco, M<sup>a</sup> Mar.

Desculparon a súa ausencia os seguintes membros:

Aznar Cuadrado, Virginia; Navarro Patón, Rubén; Veiga Alonso, Xosé Ramón.

Día: 26 de xuño de 2018

Hora: 11:00 horas

Lugar: Sala de Xuntas

### **Orde do día:**

8. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
9. Informe de abandono potencial das titulacións de Grao (2017-2018).
10. Proposta de actividades formativas desenvolvidas por profesionais externos.
11. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2016-2017.
12. Rolda aberta de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

Apróbanse por asentimento as actas números 18 e 19 correspondentes, respectivamente, á sesión ordinaria do 21 de marzo de 2018 e á sesión extraordinaria do 24 de maio de 2018.

### **2. Informe de abandono potencial das titulacións de Grao (2017-2018).**

A Área de Calidade e Mellora dos Procedementos enviou a este centro un arquivo co "Informe de abandono potencial" das titulacións de grao, correspondente ao curso

2017-2018. Este informe definiuse considerando o alumnado que iniciou estudos na USC no curso 2017-2018 e non ten contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia.

Diversos estudos conclúen que as desercións prodúcense maiormente no primeiro curso, debido a eleccións inadecuadas, baixo rendemento académico, non aprobar o mínimo de créditos, materias pouco motivadoras, e pouco esforzo e compromiso co estudo. Polo que se refire a este centro, a Comisión de Calidade analiza o informe recibido co obxectivo de minimizar o abandono nos próximos cursos e aumentar as taxas de rendemento académico.

O devandito informe refírese aos estudantes C.L.G. e M.J.N.G. (Grao en Mestre/a de Educación Infantil), e T.J.C.G-B, N.V.R. e S.Y.F. (Grao en Mestre/a de Educación Primaria). As coordinadoras de 1º curso de ambas as dúas titulacións procuraron establecer un contacto persoal con estes estudantes co obxecto de pescudar as razóns do seu abandono dos estudos, aínda que non foi posible con dous deles. Nos restantes casos, a información obtida revela que, ou ben non se pode falar propiamente de abandono, ou que este debeuse a problemas de distinto tipo pero sempre totalmente alleos á organización e desenvolvemento da titulación que cursaban (motivos de carácter persoal ou laboral, ou busca de outras opcións profesionais).

Por outra banda, cómpre salientar que a taxa de abandono que se tira destes casos está moi por debaixo do compromiso establecido nas respectivas Memorias de verificación dos títulos (20%). Ademais, despois de analizar as circunstancias que concorren nestes estudantes que non superaron ou non se presentaron a ningunha materia do 1º semestre, non parece oportuno nin necesario valorar a posibilidade de deseñar ningunha acción ou actividade de tutoría e/ou orientación dirixida a este alumnado.

### **3. Proposta de actividades formativas desenvolvidas por profesionais externos.**

Aínda que en 2018 non se vai publicar ningunha convocatoria de axudas para o desenvolvemento de accións de mellora da docencia, este centro ten o compromiso de continuar coa realización de actividades formativas (conferencias, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional.

A acción está dirixida ao alumnado matriculado tanto nos Graos coma nos Mestrados que se imparten nesta Facultade, e supón a participación de profesionais en activo e outros axentes sociais nun programa de orientacións prácticas para o desenvolvemento de competencias propias destes títulos. O programa formativo inclúe relatorios e mesas redondas que teñen o obxectivo de achegarlle ao alumnado a realidade socio-profesional dos docentes ou expertos en dirección de actividades na natureza e as súas problemáticas reais, así como favorecer o desenvolvemento de competencias necesarias para a súa axeitada profesionalización.

A Vicedecana da Facultade solicitoulle ao PDI unha relación priorizada de actividades susceptibles de seren incluídas neste programa. Unha vez analizadas as solicitudes recibidas e axustado o seu custo ao orzamento dispoñible, o Decano presenta unha proposta de actividades formativas a desenvolver durante o 1º semestre do curso 2018-19 que, logo de ser valorada, é aceptada pola Comisión.

#### 4. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade do Centro correspondente ao curso 2016-2017.

É competencia da Comisión de Calidade a elaboración e aprobación en primeira instancia da Memoria de Calidade do Centro. Unha vez revisado o documento pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, con informe favorable, sométese agora á aprobación por parte desta comisión, con carácter previo á súa aprobación final pola Xunta de Facultade.

A Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado (2016-2017) consta dos seguintes apartados:

- 1) Introducción
- 2) Informe de seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade, no que se analizan os procesos, procedementos e documentación do SGIC; a situación dos recursos humanos e materiais; os indicadores sobre rendemento; a satisfacción dos grupos de interese, recursos e queixas, e o estado do Plan de Melloras 2016-2017.
- 3) Plan de Melloras do Centro 2017-2018.
- 4) Anexo. Autoinformes de seguimento dos títulos impartidos no centro.

#### Plan de Melloras do Centro 2017-2018

ID	ORIXE	DESCRICIÓN
AM-01	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Propoñer actividades formativas (relatorios, talleres e outras actividades) desenvolvidas por profesionais externos, que contribúan a mellorar os contidos dos títulos, ao tempo que facilitan a vinculación do coñecemento académico e a práctica profesional (continuidade da AM-09/2016-2017)
AM-02	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Instalar altofalantes con amplificador nas aulas 22 e 24 (continuidade da AM-02 do curso 2015-2016)
AM-03	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Coordinar os programas de materias, de maneira que se eviten reiteracións e solapamentos entre elas
AM-04	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Garantir que o sistema de avaliación empregado polo profesorado dunha mesma materia sexa homoxéneo e conforme ao establecido no programa
AM-05	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Realizar sesións informativas de orientación académica e laboral dirixidas ao estudiantado (xornada de acollida, medidas de atención á diversidade e necesidades especiais, procedemento de ingreso no corpo de Mestres)
AM-06	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Deseñar, organizar e avaliar cursos sobre competencias informacionais, en particular de orientación e apoio para a elaboración de TFG
AM-07	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Promover a participación en actividades dirixidas á formación continua do PDI e dos titores externos do Prácticum

AM-08	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Promover e facilitar a participación do PAS nas actividades de formación continua
AM-09	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Continuar coa participación no Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC e mais no Campus XuvenCiencia, así como noutras iniciativas de captación de estudantes que promova ou desenvolva a USC
AM-10	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Incrementar a participación do alumnado na Xunta de Facultade e nas diferentes comisións
AM-11	Informes de seguimento dos títulos de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria	Xestionar a creación dun departamento que agrupe o PDI pertencente aos ámbitos de coñecemento relacionados coa formación do profesorado
AM-12	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Introducir estratexias de inclusión da perspectiva de xénero na docencia do Máster
AM-13	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Revisar as guías docentes e programas da titulación, actualizando os aspectos necesarios (continuidade da AM-12/2016-2017)
AM-14	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Identificar o alumnado pendente de titular por non ter defendido o TFM e atendela de maneira máis personalizada (continuidade da AM-16/2016-2017)
AM-15	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Propoñer actividades formativas (relatorios e outras actividades) a cargo de profesionais externos.
AM-16	Informe de seguimento do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas	Deseñar, organizar e avaliar cursos específicos de orientación e apoio para a elaboración de TFM (cursos de competencias en información na contorna dixital)
AM-17	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Constituír un grupo de innovación docente interdisciplinar en relación coas actividades ao aire libre e as potencialidades educadoras da natureza
AM-18	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Adquirir material de campo e montaña, de pernocta e sendeirismo para a formación dos estudantes do título
AM-19	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Adquirir material para plantar árbores. Instalación dun viveiro de árbores no horto de balcón da Facultade
AM-20	Informe de seguimento do título de Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza	Realizar unha práctica de campo e actividades ao aire libre en Potes (Cantabria) cos estudantes e profesores da Universidade de Cumbria (Reino Unido) que imparte un título semellante ao Máster DAEN (continuidade da AM-24/2016-2017)

A Comisión de Calidade acorda aprobar a Memoria de Calidade 2016-2017 e sometela á aprobación final por parte da Xunta de Facultade.

**5. Rolda aberta de intervencións.**

Non houbo.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:45 horas.

A secretaria,



Mª del Mar Viña Rouco

Visto e prace, o presidente



Francisco Rodríguez Lestegás